

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA ANPA “A FERRADURA”
CURSO 2026-2027

- Para participar nas actividades ou servizos organizados por esta asociación, tanto na modalidade de fixos como de esporádicos, será obrigatorio aboar a cota anual de inscrición, que se pasará ao cobro no primeiro recibo.
- Para formalizar as inscricións nas actividades extraescolares e demais servizos organizados pola ANPA para o curso 2026-2027 realizarase a través da APP “**ÁBACO FAMILIAS**” (Aplicación descargable nas diferentes tendas de aplicacións, tanto de **Android** como de **iOS**). As datas de inscrición serán confirmadas nos vindeiros días.
- No caso do alumnado de **4º de Educación Infantil**, o prazo de inscrición coincidirá co prazo de matrícula no centro. Para este alumnado reservaranse prazas nas actividades.
- Todas as actividades e servizos organizados pola ANPA comezarán o primeiro día lectivo do curso, agás:
 - *Madrugadores*: que comezará o segundo día de curso.
 - *Natación*: que dará comezo no mes de outubro.
- **Servizo de Madrugadores**: O alumnado deberá ser acompañado ata o punto de recollida (entrada comedor).
- Naquelas actividades ou servizos suxeitos a límite de prazas, a admisión do alumnado realizarase por orde de inscrición.
- No caso de que algunha actividade non acade o número mínimo de alumnado requerido para o seu funcionamento, procederase á súa anulación.
- O colexio cede un número de aulas para a realización das actividades extraescolares no horario de 16:00 a 18:00 h, coas limitacións derivadas das necesidades organizativas do centro. Así, os martes dispóñense de menos espazos ao ser o día destinado ás titorías.
- Os **pagamentos** das actividades e servizos da ANPA serán **mensuais, agás Natación (U.S.C.)**, que terá carácter cuatrimestral. As actividades cobraranse por adiantado a comezos de cada mes.
- Os cobros realizaranse mediante domiciliación bancaria a comezos de cada mes. É imprescindible cubrir os datos bancarios no momento do rexistro na APP.
- Lémbrese ás familias que os recibos devoltos durante o curso escolar terán un recargo de 2 €.

- A partir do mes de setembro, calquera modificación, alta ou baixa nas diferentes actividades ou servizos farase na APP “**ÁBACO FAMILIAS**” cunha antelación mínima de 10 días naturais previos ao inicio do mes correspondente.
- Non se admitirán baixas nin modificacións nas actividades ou servizos contratados unha vez finalizado o período de inscrición, pasando ao cobro todo o solicitado no recibo do mes de setembro.
- Nas inscricións de instrumentos será preciso pasar pola oficina da ANPA para concertar horario, xa que a praza non poderá considerarse admitida ata ter a hora asignada. O alumnado inscrito no curso anterior terá preferencia na reserva de horario.
- No caso de que o/a seu/súa fillo/a presente algún tipo de alerxia, intolerancia ou enfermidade, deberá comunicalo no local da ANPA e achegar o correspondente certificado médico.
- Deberán comunicarse con antelación, a través da mensaxería da APP “**ÁBACO FAMILIAS**“
 - As ausencias ao comedor.
 - As ausencias ás actividades extraescolares.
 - Os cambios na persoa encargada da recollida do/a menor.
- O horario límite de recollida do alumnado á saída do comedor será ás 16:00 h, agás para o alumnado que participe en actividades extraescolares, cuxa recollida se realizará ao remate destas.

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 se lle solicitan os seus datos de carácter persoal que serán tratados coa finalidade de xestionar os datos identificativos dos asociados, promover actividades ou servizos organizados pola asociación así como levar a cabo a xestión fiscal, contable e administrativa. Os datos poderán ser cedidos a administración tributaria, a bancos e entidades financeiras para a domiciliación de pagos e a entidades organizadoras de actividades extraescolares, se solicita a participación nas actividades extraescolares.

Os datos proporcionados conservaránse mentras permaneza de alta como asociado ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigas legais. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre si estamos tratando os seus datos persoais por tanto ten dereito a acceder a sus datos personales, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa limitación, portabilidade ou supresión cando os datos xa non sexan necesarios.

- AUTORIZO o envío por mail de notificacións o e mail arriba indicado